



Asunto: Pechamos o ano cunha mostra de dignidade para resucitar a educación pública.

Compañeiras e compañeiros,

Ao peche deste ano queremos dirixirnos a todo o profesorado galego para recoñecer, agradecer e poñer en valor o enorme esforzo colectivo realizado nos últimos meses. No último trimestre acumulamos cinco días de folga, sendo plenamente conscientes do sacrificio económico persoal que esta participación supuxo para moitas e moitos de vós. Ese esforzo non foi en balde: é unha expresión clara da dignidade do profesorado galego e da súa determinación para defender a educación pública fronte ao seu progresivo deterioro por parte do Goberno do PP.

O profesorado non loita por intereses corporativos nin particulares. A nosa mobilización responde á defensa dun ben social esencial: a educación pública como pilar fundamental da igualdade de oportunidades, da cohesión social e do dereito a unha formación de calidade para todo o alumnado, con independencia da súa orixe ou condición.

Na última folga dos días martes e mércores escenificamos simbolicamente o enterro do ensino público, unha morte por inanición provocada pola falta de investimento e de vontade política dunha Consellería que non aposta pola educación como por ningún outro servizo público. Trátase dunha opción ideolóxica clara, fronte á que este sindicato mantén unha oposición firme e sen ambigüidades.

Cómpre lembrar que ningún dos dereitos alcanzados polo profesorado foi concedido de maneira gratuíta. Cada avance foi defendido por persoas que, antes ca nós, asumindo custos e sacrificios. A escola pública sostívose historicamente grazas ao compromiso do profesorado que traballou pensando nas xeracións futuras. Ese legado non o imos abandonar nin permitir que se negocie con el.

Lamentamos profundamente que nesta oposición frontal ás políticas da Consellería só poidamos contar co acompañamento da CIG. É certo que logramos o que parecía imposible: sentar na mesma mesa a todos os sindicatos con representación. Porén, outras organizacións optaron por manter un acordo de mínimos coa Consellería que non recolle a meirande parte das reivindicacións do profesorado e que, por riba, nin sequera está a ser cumprido pola propia administración.

Valoramos moi positivamente que o profesorado e as familias se estean a organizar de xeito asembleario. Desde o STEG celebramos a socialización e a visibilización deste conflito, imprescindibles para sumar a forza necesaria que permita forzar, dunha vez por todas, unha negociación real cos comités de folga.

Queremos deixar claro que, de cara ao que resta de curso, manteremos as mobilizacións durante o tempo que sexa preciso ata acadar as reivindicacións que a educación pública galega precisa con urxencia.

Recentemente, o conselleiro felicitounos o Nadal cunha frase de Neira Vilas: *“Todo está en querer; a vontade e a forza de moitos pode arrincarlle zume ás pedras”* dicía. Pois no vindeiro ano imos tomar esa frase ao pé da letra, imos demostrar que a vontade colectiva do profesorado é quen de extraer todo o zume que Román lle estivo a negar á educación pública.

Desexámosvos unhas boas e moi merecidas festas. Collede forzas, compañeiras e compañeiros, no novo ano volveremos vernos defendendo o que é noso!

Unha agarimosa aperta,

STEG – Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza